# BANDO

**DON FERNANDO SUÁREZ BARCIA, ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO,**

## *FAI SABER*

**QUE CON MOTIVO DA APERTURA DO PERÍODO DE COBRO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA CORRESPONDENTE Ó ANO 2018, A CARGO DO SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E DE RECADACIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, E DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NOS ARTIGOS 24 E 25 DO REGULAMENTO XERAL DE RECADACIÓN, APROBADO POR REAL DECRETO 939/2005, DO 29 DE XULLO, COMUNÍCASE QUE O PRAZO DE INGRESO EN PERÍODO VOLUNTARIO EMPEZARÁ A CONTAR O 16 DE ABRIL ACTUAL E REMATARÁ O 18 DE XUÑO DE 2018, AMBOS OS DOUS INCLUSIVE, PODENDO ABONA-LO EN EFECTIVO NAS OFICINAS DE ABANCA, DE "LA CAIXA", DO BANCO DE SABADELL E DO BBVA, EN DÍAS LABORABLES, DE LUNS A VENRES, DE 08:30 A 14:00 h, PRESENTANDO O DOCUMENTO DE INGRESO QUE, A TAL EFECTO, SE REMITE Ó DOMICILIO DOS CONTRIBUÍNTES.**

**AQUELAS PERSOAS QUE, POR CALQUEIRA CIRCUNSTANCIA, NON RECIBAN OU EXTRAVÍEN O DOCUMENTO DE INGRESO MENCIONADO, PODERÁN SOLICITAR UN NOVO NA ENTIDADE BANCARIA E REALIZAR, IGUALMENTE, O PAGAMENTO.**

**TRANSCURRIDO O PRAZO DE PAGO EN PERÍODO VOLUNTARIO, AS DÉBEDAS FARÁNSE EFECTIVAS POLA VÍA DE CONSTRINXIMENTO E SERÁN ESIXIBLES AS RECARGAS DO PERÍODO EXECUTIVO E OS XUROS DE MORA NOS TERMOS DOS ARTIGOS 26 E 28 DA LEI XERAL TRIBUTARIA 58/2003, DO 17 DE DECEMBRO E, SE É CASO, AS CUSTAS QUE SE PRODUZAN.**

**PODERÁ DOMICILIARSE O PAGO DAS DÉBEDAS TRIBUTARIAS PARA ANOS SUCESIVOS EN CAIXAS DE AFORRO, BANCOS E DEMÁIS ENTIDADES FINANCEIRAS, CUMPRIMENTANDO O IMPRESO DE DOMICILIACIÓN QUE ACOMPAÑA Ó DOCUMENTO COBRATORIO E REMITÍNDOO Ó SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E DE RECADACIÓN, OU BEN ENTREGÁNDOO NA DEPENDENCIA DE RECADACIÓN DESTE CONCELLO OU EN CALQUEIRA OFICINA DE ABANCA CANDO A DOMICILIACIÓN SE REFIRA A UNHA CONTA ABERTA NESTA ENTIDADE.**

**O QUE SE FAI PÚBLICO PARA XERAL COÑECEMENTO.**

**Ribadeo, 09 de abril de 2018.**
**O ALCALDE**

**Asdo.: Fernando Suárez Barcia**